

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO CON
MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, DO CONTRATO DE
CONCESION DE OBRA PÚBLICA DE TANATORIO A UBICAR NO PARQUE
EMPRESARIAL CASTIÑEIRAS (CONCELLO DE BUEU)**

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O contrato ten por obxecto a concesion dun tanatorio municipal e subseguinte explotación da obra executada mediante a xestión do servizo, na modalidade de concesion, conforme ó proxecto técnico aprobado polo Concello e con estricta suxeición ós pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

A estos efectos, o servizo público de tanatorio ten por obxecto fundamental facilitar ós familiares e achegados dos difuntos unhas condicións dignas para o depósito e vela dos cadáveres ata o momento da súa inhumación, nas debidas condicións higiénico-sanitarias.

O código do obxecto do contrato correspondente á Nomenclatura CPV da Comisión Europea, según Regulamento CE nº 213/2008, da Comisión, de 28 de novembro é o 45200000-9 (traballos xerais de construción de inmobles e obras de enxeñería civil) e 98371000-4 (servizos funerarios).

O presente prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas teñen carácter contractual.

A modalidade de xestión do servizo público será a de concesión.

2.- NATUREZA DO CONTRATO.

A natureza xurídica do presente contrato será a propia do contrato de concesion de obra pública, que ten natureza administrativa polo que será competente a xurisdicción contencioso-administrativa para coñecer as diferencias entre as partes, as cales quedan sometidas á xurisdicción correspondente ó termo municipal de Bueu.

Mediante a execución do contrato a que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares se satisface a necesidade de dotar dun tanatorio ó Concello de Bueu, ó resultar necesario para o correcto desenvolvemento do servizo público funerario.

Este contrato se rexerá polo presente prego de cláusulas administrativas particulares, polo prego de prescricións técnicas, pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (no sucesivo LCSP) e, en canto non se atope derogado por ésta, polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no sucesivo RXCAP), e no seu caso pola lexislación de contratos da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución. Supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

3.- PROCEDIMIENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

O contrato de concesion de obra publica descrito na cláusula primeira será

adxudicado mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, dacordo co previsto nos artigos 122, 134.3, 141 a 145 e concordantes da LCSP, sendo ordinaria a tramitación do expediente de contratación.

O órgano de contratación será o Pleno da Corporación.

4.- PERFIL DO CONTRATANTE.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, e sen perxuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que establecen na páxina web www.concellodebueu.org e no que os interesados poderán consultar información referente ás licitacións do Concello.

5.- VALOR ESTIMADO.

En aplicación do artigo 76 da LCSP calculouse un valor estimado no presente contrato de xestión de servizo público con execución de obras de 729.779,40 euros (setecentos vintenove mil setecentos setenta e nove euros con cuarenta centimos), IVE excluído, segundo orzamento que figura no proxecto que obra no expediente.

6.- FINANCIAMENTO.

1) O concesionario asumirá o financiamento da totalidade das obras, así como das modificacións e desviacións que deban de introducirse nos servizos existentes como consecuencia daquelas, excepto nos casos previstos neste prego.

2) O Concello de Bueu non avalará ningún tipo de empréstito nin participará de ningunha forma no financiamento das obras.

3) O Concello non contrae obriga económica algunha en relación coa construción e subseguinte explotación do servizo público de tanatorio municipal.

7.- PRAZO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS E DURACION DA CONCESIÓN.

1) O prazo máximo de execución das obras de construción do tanatorio incluídas no proxecto básico será de 8 (OITO) MESES, contado dende a data de formalización da acta de comprobación do replanteo, a cuio término, e como condición previa para a entrada en funcionamento, procederase a súa liquidación e recepción, establecéndose, conxuntamente polo Concello e polo Concesionario, unha relación valorada descritiva das obras realizadas. Durante o prazo de execución das obras, o adxudicatario tera plena responsabilidade sobre as mesmas.

Cando a oferta que formule o adxudicatario inclúa unha redución do prazo de execución das obras de construción do tanatorio, entenderase que a duración será a que conteña a oferta aprobada.

Os prazos parciais serán os que, se é o caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

2) O prazo de duración da concesión será de 40 anos. Se toma como data de inicio do citado prazo de 40 anos, o de apertura ó publico do tanatorio.

Ó remate da concesión reverterán ó Concello de Bueu a totalidade das instalacións construídas obxecto do contrato.

A duración deste contrato poderá prorrogarse so nos termos recollidos no artigo 244.2 da LCSP.

8.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer á licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar (acreditada na forma establecida no Art. 61 da LCSP), non estean incursoas en prohibicións de contratar segundo o artigo 49 da LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional (ou estean debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula 11), de conformidade co establecido nos Art. 43 a 48 inclusive da LCSP.

Os candidatos ou os licitadores deberán acreditar a súa personalidade xurídica e capacidade de obrar. Cando foran personas xurídicas deberán xustificar que o obxecto social da entidade comprende o desenrolo de todas as actividades que constitúen o obxecto do contrato ó que concorren. A acreditación se realizará mediante a presentación dos estatutos sociais inscritos no Rexistro mercantil ou en aquel outro rexistro oficial que corresponda en función do tipo de entidade social. Tamén se poderá acreditar mediante as regras fundacionais nos termos do artigo 46 da LCSP.

9.- SOLVENCIA TECNICA E ECONOMICA. CLASIFICACIÓN.

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira por un ou varios dos medios previstos no artigo 64 da LCSP, entre os que se atopan:

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

- As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

- Declaración sobre o volumen global de negocios e, no seu caso, sobre o volumen de negocios no ámbito de actividades correspondentes ó obxecto do contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

Non se aplicará esta cláusula cando sexa esixible a clasificación da empresa licitante de conformidade con sinalado na cláusula seguinte.

En canto a solvencia técnica, deberán acreditar os seguintes extremos:

A - Se a empresa licitante que opta á adxudicación da concesión de obra pública vai a executar directamente cos seus medios as obras do proxecto deberá acreditar que ostenta a clasificación empresarial sinalada no Prego e, ademáis, a solvencia técnica para a explotación e xestión do tanatorio por algún dos medios establecidos no art. 67 da LCSP (por remisión do artigo 68 da LCSP).

Entre os medios previstos no artigo 67 da LCSP se atopan:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 3 anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados se acreditarán mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

- Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

- Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

- As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

- En casos adecuados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.

- Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

- Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se adxuntará a documentación acreditativa pertinente.

- Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basarse na solvencia e medios de outras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente desos medios durante o tempo en que sexa necesario para executar o contrato. (Artigo 52 LCSP)

B - Se a execución do proxecto das obras se leva a cabo mediante a contratación cun terceiro, empresa constructora, ésta deberá ostentar a clasificación empresarial esixida no apartado anterior, e a empresa licitante deberá xustificar, ademáis, a súa solvencia técnica para a explotación e xestión do tanatorio por algún dos medios establecidos no art. 67 da LCSP (por remisión do artigo 68 da LCSP).

A solvencia económico-financeira e técnico-profesional apreciarase motivadamente pola Mesa de Contratación, á vista da documentación presentada.

Esíxese a seguinte clasificación, dacordo co proxecto de construción:

Grupo A - Subgrupo 1

Grupo C - Subgrupos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9.

Grupo I - Subgrupo 6

Grupo J - Subgrupos 1, 3, 4.

Grupo K - Subgrupo 6, 9.

A acreditación de dispor do requisito de clasificación deberá realizarse mediante a certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia, de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no prego de prescricións técnicas.

10.- GARANTÍA PROVISIONAL.

Aquelas empresas ou empresarios que concurran á licitación deberán de constituir previamente unha garantía provisional equivalente ao 2% do prezo tipo da concesión, garantía que se constituirá en calquera das formas previstas no art. 84 da LCSP.

1) Será requisito necesario para participar na licitación para a adxudicación da concesión da obra pública descrita o acreditar a constitución previa dunha garantía provisional na Tesourería do Concello e a disposición do órgano de contratación en contía equivalente ó 2% do presuposto do contrato, IVE excluído.

Para a determinación da garantía provisional calculouse o presuposto do contrato en 729.779,40 euros, IVE excluído, tendo esta cantidade carácter meramente orientativo.

2) A garantía provisional poderá constituirse en calquera das formas establecidas no art. 84 da LCSP. A garantía provisional responderá do mantemento das ofertas dos licitadores ata a adxudicación provisional do contrato. Para o licitador que resulte adxudicatario provisional, a garantía responderá tamén do cumprimento das obrigas que lle impón o artigo 135.4

A garantía provisional se extinguirá automaticamente e será devolta ós licitadores inmediatamente despois da adxudicación definitiva do contrato. En todo caso, a garantía será retida ó adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, en cuio caso a garantía provisional se cancelará simultaneamente á constitución da definitiva

11.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

Informacións do servizo.- Os presentes pregos serán publicados no perfil do contratante do Concello (<http://www.concellodebueu.org/>). Poderá publicarse, así mesmo, aquela outra información ou documentación que sexa necesaria ou conveniente.

Para a obtención desta información, e da adicional que podera solicitarse, estarase ao sinalado no art. 142 da LCSP. En todo caso debe de terse en conta:

- Que só será obrigatoria a remisión de aqueles documentos que non se encontren publicados no perfil do contratante municipal.
- Que só será obrigatoria a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou conveniente, para a formulación das ofertas.
- A petición dos pregos e documentación complementaria non publicada no perfil, deberá de presentarse cunha antelación mínima de 6 días naturais a finalización do prazo para presentar ofertas. Enviarase nos 3 días naturais seguintes á solicitude.
- Outro tipo de información adicional, sempre e cando sexa pertinente, deberá de solicitarse con 9 días naturais de antelación ao prazo de finalización da presentación de ofertas, para dar cumprimento ó prazo mínimo de remisión precisado polo art. 142.2 LCSP. Noutro caso, a remisión efectuarase nos 3 días naturais seguintes á solicitude, non admitíndose ningunha cunha antelación de menos de 3 días naturais a finalización do prazo de presentación de ofertas.

Ditos prazos reduciranse á metade no caso de declararse a tramitación de urxencia.

A obtención de copias implicará o abono da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal.

A remisión da documentación por correo será baixo a modalidade de portes debidos.

As consultas poderán efectuarse no Departamento de Secretaría do Concello de Bueu (Rúa Eduardo Vincenti, 8 - Bueu).

Lugar e prazo de presentación.- O presente procedemento anunciarase no perfil do contratante deste Concello, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, computándose os prazos a partir do día seguinte á publicación do último anuncio.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no horario de oficina de Luns a Sábados durante os 26 días naturais seguintes ó da publicación do anuncio no último dos boletíns en que apareza (D.O.G. ou B.O.P.), que se reducirán a 13 días de acordarse o procedemento mediante o trámite de urxencia.

Tamén poderán presentarse proposicións por correo, neste caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciálo o mesmo día ó Organo de Contratación, por FAX, TELEX ou TELEGRAMA, a remisión da proposición. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso en que se recibira fóra do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos 10 días desde a terminación do prazo de presentación, (5 días caso trámite urxencia), non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

Tales prazos poderán ser prorrogados de concurri-las circunstancias previstas no art. 78.3 do RD 1098/2002.

Unha vez remitida a proposición ou entregada, non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

A documentación para as licitacións se presentará en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concurran e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre se fará constar en folla independente o seu contido, enunciado numéricamente.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros, se o fixo de maneira

individual, ou figurar en máis dunha UTE. A contravención desras normas dará lugar á desestimación de todas as propostas por el presentadas.

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicionada, por parte dos licitadores, das cláusulas deste Prego, e a asunción da súa responsabilidade en canto ó cumprimento de todas e cada unha das condicións esixidas no mesmo (e en xeral na normativa de contratación das administracións públicas) para contratar co Concello de Bueu.

As proposicións constarán de dous sobres cerrados denominados A e B, coas inscricións e contendo a documentación que en cada un se sinala. No interior de cada sobre, necesariamente, farase constar o seu contido en folla independente, a modo de índice.

- Sobre A, denominado de "Documentación Administrativa", expresará, xunto co nome do licitador, o enderezo, nº de teléfono e fax, a inscrición de: "SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA DO TANATORIO DE BUEU A UBICAR NO PARQUE EMPRESARIAL DE CASTIÑEIRAS" será asinado polo propio licitador e conterá a seguinte documentación:

- Documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, se é o caso, do asinante da proposición, consistentes en:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade do licitador cando se trate de persoas físicas ou empresarios individuais, tamén se esixirá fotocopia compulsada do D.N.I de quen desempeñe a representación pública administrativa.

- Cando o empresario fora persoa xurídica precisárase da escritura de constitución e de modificación (se é o caso), debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente rexistro oficial.

- No caso de empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, a capacidade de obrar se acreditará mediante a inscrición no rexistro procedente dacordo coa lexislación do Estado onde estén establecidas, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, dacordo coas disposicións comunitarias de aplicación, segundo o establecido nos artigos 47 e 61.2 da LCSP.

- A capacidade de obrar das restantes empresas extranxeiras non incluídas no parágrafo anterior se acreditará mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuio ámbito territorial radique o domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Nestes supostos, ademáis, deberá acompañarse informe da Misión Diplomática Permanente española, no que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa extranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables ós enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma sustancialmente

análoga, Informe de reciprocidade, tal e como se establece nos artigos 44 e 61.3 da LCSP.

En todo caso, as empresas extranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro jurisdiccional estranxeiro que pudiera corresponder ó licitante, como resulta esixido polo art. 130.1.d) da LCSP.

- Poder verificado polo secretario da corporación, cando se actúe por representación, xunto con copia do D.N.I. do apoderado.

- Os que xustifiquen os requerimentos de solvencia económica-financieira, técnica e profesional e clasificación dacordo co sinalado na cláusula 9 deste prego.

- Resgardo acreditativo da constitución da garantía provisional.

- Declaración responsable do licitador, segundo modelo obrante no Anexo II do presente prego, facendo constar que non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar, conforme ao art. 49 da LCSP, e sinalando expresamente que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

- Unións temporais de empresas: A Administración poderá contratar con unións de Empresarios que se constitúan temporalmente ó efecto, de conformidade co establecido no artigo 48 da LCSP.

Para que na fase previa á adxudicación sexa eficaz a unión temporal ante a Administración será necesario que os empresarios que desexen concurrir integrados en ela indiquen os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas ou profesionais compoñentes da Unión.

Asemade, deberá designarse un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen perxuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan otorgar as empresas para cobros e pagos de contías significativas.

Debendo presentar cada unha das empresas ou profesionais que a constitúan a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, así como a documentación administrativa xeral esixida nos apartados precedentes, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma. E no suposto de que se esixa clasificación se estará ó disposto no artigo 56.5 LCSP.

No caso de que na U.T.E. participen ou a constitúan empresas pertencentes a Estados da U.E. ou signatarios se estará ó disposto nos artigos 48.4 e 55 da LCSP, cando a clasificación sexa esixible.

Cando participen na U.T.E. empresas extranxeiras non comprendidas no apartado anterior será de aplicación o establecido no artigo 48.4 da LCSP, cando a clasificación sexa esixible.

- Declaración de empresas vinculadas: No suposto de que a empresa concurra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 129 da LCSP, se presentará necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada

unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concurran á licitación.

En todo caso, os documentos que se acompañen coas proposicións deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

No suposto de licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas, os licitadores poderán indicar o rexistro no que se atopen inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os extremos a que se refire o art. 303 da LCSP, en cuio caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen perxuizo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos.

- Sobre B, denominado “Proposición económica e Documentación técnica”, se presentará na forma especificada na presente cláusula, figurando a mención “PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA DO TANATORIO DE BUEU A UBICAR NO PARQUE EMPRESARIAL DE CASTIÑEIRAS ”, o nome e apelidos ou denominación social (co CIF), e domicilio a efectos de notificacións.

Este sobre, que deberá presentarse pechado, deberá conter a seguinte documentación:

1) Proposición do licitador con arranxo ó modelo oficial descrito no Anexo I deste prego.

2) Xustificación das tarifas ofertadas, con descomposición dos seus elementos conformadores, tendo en conta o presuposto da obra e a duración da concesión, así como contía da fianza a constituír. (ao abeiro do establecido no ANEXO II).

3) Plan económico-financieiro da concesión, onde deberán constar todos os extremos previstos no artigo 115.4º da LCSP, que incluírá, entre os aspectos que lle son propios, o sistema de tarifas, a inversión e os costes de explotación e obrigas de pago e gastos financeiros, directos ou indirectos, estimados. Deberá ser obxecto de consideración específica a incidencia nas tarifas, así como nas previsions de amortización, no prazo concesional e noutras variables da concesión previstas no prego, no seu caso, dos rendimentos da demanda de utilización da obra.

4) Programa e calendario para a execución da obra.

5) Plan de organización do servizo.

6) A documentación que o licitador estime adecuada para aclarar e, no seu caso, xustificar os distintos apartados da súa oferta en orden a súa valoración con arranxo ós criterios de selección establecidos neste prego.

12.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A mesa de contratación, dacordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional 2ª da LCSP, estará composta por:

-Presidente: Sr. Alcalde-Presidente.

-6 Vocais: Secretaria Xeral do Concello

Interventora do Concello

Arquitecto Municipal

Tres representantes políticos: un por cada grupo presente no Pleno

Municipal (BNG, PP, PSOE).

-Secretario: que deberá ser designado entre os funcionarios do Concello.

13.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL.

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación procederá á cualificación previa da documentación xeral do Sobre A) en sesión non pública.

A Mesa de Contratación, de acordo co previsto no art. 22 do RXLCAP, poderá recabar do empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou incluso pedirlle a presentación doutros complementarios. Tales requirimentos deberán de cumprimentarse nun prazo máximo de 5 días naturais.

Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, concederá un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores os subsanen.

Os requirimentos de complemento ou aclaración e de subsanación de documentación faranse públicos mediante o seu anuncio no taboleiro de edictos do Concello, sen perxuízo da súa notificación individual aos empresarios afectados.

En todo caso, non procederá a apertura das proposicións presentadas ata que a Mesa decidise sobre as que fosen admitidas, unha vez transcurridos, de haberse requerido, os prazos anteriores para complemento, aclaración ou subsanación da documentación.

Do actuado conforme ao sinalado nesta cláusula deixarase constancia expresa na acta que ó efecto deberá de levantarse, na que, así mesmo, farase pronunciamento explícito sobre os empresarios admitidos á licitación, os rexeitados e as causas da súa exclusión.

14.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL.

Calificada a documentación xeral, a Mesa de Contratación procederá á apertura e exame das proposicións (Sobres B) que conteñen a oferta económica e documentación técnica, en acto público que terá lugar, no suposto de que non se otorgue prazo de subsanación e que non se comunique a remisión de proposicións por correo, o terceiro día hábil seguinte ó de terminación do prazo de presentación de proposicións. A efectos da celebración o sábado se considera inhábil.

Nos supostos de otorgarse prazo de subsanación, de presentarse ofertas por correo ou de requirirse aclaracións, complementos ou subsanacións da documentación presentada, o acto público de apertura de proposicións celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios da Corporación ou perfil de contratante.

Nesta sesión, polo Presidente se dará conta do resultado da calificación da documentación xeral presentada polos licitadores nos sobres A, indicando os excluídos e as causas de exclusión, as proposicións admitidas e as rexeitadas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a Mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

Na apertura dos sobres B) darase lectura ós escritos de modelos de proposicións presentados.

No prazo máximo de 2 meses dende a apertura das proposicións, a Mesa de Contratación procederá a realizar a súa proposta de adxudicación provisional para o cal con carácter previo poderá solicitar os informes e asesoramentos que teña por convintes e se relacionen co obxecto do contrato, reuníndose cantas veces sexan necesarias.

A Mesa de contratación formulará a correspondente proposta de adxudicación provisional ó órgano de contratación, a favor da oferta que resulte economicamente máis ventaxosa das presentadas e admitidas e unha vez ponderados os seguintes criterios de valoración:

1º PLAN DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO: de 0 a 10 puntos, repartidos da maneira seguinte:

- Horario. De 0 a 3 puntos
- Maior contía do capital asegurado do Seguro de Responsabilidade Civil. De 0 a 4 puntos.
A ponderación realizarase mediante a aplicación de regras de proporcionalidade matemática, asignando a puntuación máxima ó licitador que oferte unha maior contía neste criterio de valoración, e puntuándose as restantes ofertas ó respecto proporcionalmente, mediante a aplicación dunha regra de tres.
- Adscrición de medios persoais. De 0 a 3 puntos.

2º OFERTA ECONÓMICA: de 0 a 20 puntos distribuídos da seguinte maneira:

- Ata un máximo de 5 puntos a oferta presentada para o aluguer de salas
- Ata un máximo de 15 puntos a oferta presentada para o servizo funerario completo.

De conformidade co indicado no artigo 136.2 da LCSP considerarase, en principio, unha oferta como desproporcionada ou temeraria no suposto de que as tarifas ofertadas neste criterio de adxudicación estean incursas nos supostos previstos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001. A declaración pola Mesa de Contratación dunha proposición como desproporcionada ou temeraria requerirá previa audiencia do licitador na que se xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma.

3º MELLORAS OFERTADAS EN RELACIÓN CO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA: de 0 a 10 puntos.

4º MELLORAS OFERTADAS EN RELACIÓN COA GARANTÍA DA OBRA: de 0 a 10 puntos.

15.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA DO CONTRATO.

O órgano de contratación acordará a adxudicación provisional, en resolución motivada que conterá tódolos pronunciamentos precisos sobre a inadmisión ou rexeitamento de proposicións e a selección da empresa adxudicataria, e que deberá notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil do contratante do Concello.

A adxudicación, que será motivada, acomodarse á proposta, salvo que esta se fixera con infracción do ordenamento xurídico ou cando mediase baixa desproporcionada ou temeraria. A tales efectos, o órgano de contratación poderá facer uso da facultade de requerimento de aclaracións ou documentación complementaria á que se refire o art. 22 do RD 1098/2001.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación se existe algunha oferta admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego, e salvo que se presuma fundadamente que a proposición economicamente máis vantaxosa non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados.

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non se poderá producir antes de que transcorran **quince días hábiles (dez de acordarse a tramitación de urxencia)** contados desde o seguinte a aquél no que se publique a adxudicación provisional. Durante este prazo, o adxudicatario provisional deberá presenta-la documentación xustificativa de que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, excepto a alta no I.A.E. para o Concello de Bueu, que se xustificará mediante presentación desta e, se é o caso do último recibo sobre dito imposto, todo eso de acordo co sinalado no art. 13 e seguintes do RD 1098/2001, así como constitui-la garantía definitiva.

O empresario que resulte adxudicatario provisional, deberá constituir unha garantía dun 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE, na Caixa Xeral da Corporación e dentro dos quince días hábiles a que se refire o apartado anterior. Poderá constituírse en calquera das formas previstas no art.84 LCSP, e segundo os arts 55 e seguintes do RD 1098/2001. O incumprimento deste requisito, por causa imputable ó concesionario, poderá dar lugar á resolución do contrato.

A adxudicación provisional elevaráse a definitiva dentro dos **dez días hábiles** seguintes a aquel no que expire o prazo de quince días hábiles (dez no caso de tramitación urxente) sinalados na cláusula anterior, sempre que o adxudicatario teña presentado a documentación sinalada e constituído a garantía definitiva. Será motivada, e notificaráse ós candidatos ou licitadores. Asimesmo, ó se-lo seu importe superior ós 100.000 euros, publicarase no BOP e DOG.

No caso de que o adxudicatario non presentara esta documentación ou a garantía definitiva, a Administración poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ó licitador ou licitadores seguinte a aquel, pola orde na que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que fose posible e o novo adxudicatario teña prestado a súa conformidade, en cuxo caso, se concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprimenta-lo sinalado nas cláusulas anteriores.

17.- GARANTÍAS DEFINITIVAS.

Polo que respecta á execución das obras, e dacordo co artigo 83 e seguintes da LCSP, o que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá constituir, no prazo de 15 días hábiles desde a adxudicación provisional, a disposición do órgano de contratación, unha garantía definitiva en contía equivalente ó 5% do presuposto do proxecto (excluído o IVE), en calquera das formas admitidas no artigo 84 da LCSP

Establéndose un prazo de garantía das obras de UN (1) ANO a contar dende a súa recepción.

A garantía definitiva polas obras non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía respecto das obras e cumprido satisfactoriamente o contrato en relación coas mesmas, ou cando se resolvese o contrato sen culpa do contratista.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía respecto das obras, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se éste fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, agás o disposto no art. 219 do LCSP en relación coa responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía polas obras.

No caso de que o Informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

O adxudicatario, en igual prazo de 15 días hábiles desde a adxudicación provisional, e para asegurar a adecuada explotación do aparcadoiro e a correcta xestión do servizo durante o período da concesión, deberá constituir garantía definitiva en contía que se fixa estimativamente en dúas anualidades do canon que se deba satisfacer ó Concello segundo contrato.

18.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato se formalizará en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituindo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

A petición do contratista se elevará o contrato a escritura pública, sendo a súa costa os gastos do otorgamento. Neste caso, o contratista ven obrigado á entrega dunha copia autorizada á Administración contratante.

Todos os gastos de formalización serán de conta do contratista adxudicatario.

Cando resulte adxudicataria unha Unión Temporal de Empresas deberá de aportarse con anterioridade á firma do contrato a escritura pública da súa constitución, así como o nomeamento dun representante ou apoderado con poder bastante para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen perxuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan otorgar para cobros e pagos de contía definitiva.

19.- GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO:

Serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos:

- 1) Os derivados da publicación de anuncios en diarios oficiais e en periódicos, así como os gastos ocasionados polos trámites preparatorios e de execución do contrato.
- 2) Os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.
- 3) Os de formalización do contrato de adxudicación en documento administrativo conforme ás tarifas establecidas na Ordenanza fiscal Reguladora da taxa.
- 4) Os de dirección técnica das obras, así como os derivados das probas ordenadas pola inspección técnica.
- 5) Tamén será a conta do adxudicatario a xestión de cantas autorizacións administrativas ou doutro tipo sexan necesarias para a execución completa das obras e a súa posta en funcionamento, debendo abonar a súa costa os gastos que se devenguen para a xestión das devanditas autorizacións.

20.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

O concesionario presentará para a súa aprobación o Plan de Seguridade e Saúde, que aplicará o Estudo de seguridade e saúde contido no proxecto aprobado, dacordo co RD 1627/1997, de 24 de outubro. En ningún caso producirse o inicio efectivo da execución das obras en tanto non estea aprobado o Plan de Seguridade e Saúde. A elaboración do Plan de Seguridade e Saúde así como a designación do coordinador de seguridade e saúde serán por conta do concesionario e non suporán coste algún para o Concello.

Unha vez formalizado o contrato, Administración Municipal porá, no prazo de dez días, a disposición do concesionario os terreos onde se construíra a obra.

21.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO E EXECUCIÓN DAS OBRAS.

No prazo de quince días naturais como máximo, contados a partir da data de formalización do contrato deberá realizarse a comprobación do replanteo e extenderse o acta relativa á mesma.

A partires da data de sinatura de dita acta o concesionario deberá dar comezo ós traballos nun prazo máximo de 30 días, obtidos os correspondentes permisos e autorizacións.

O contratista deberá executar as obras con estricte suxeición ó proxecto aprobado polo órgano de contratatación e non poderá producir unilateralmente ningunha modificación ou cambio nas determinacións esenciais do proxecto autorizado.

Non obstante se por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, fora necesario introducir no proxecto variacións importantes, será preciso tramitar un expediente que terá que resolver o Pleno da Corporación; no expediente tramitado ó efecto constará, sen perxuízo doutra documentación que resulte pertinente, a petición de variacións formulada polo concesionario, Informe técnico do director das obras

documentando debidamente a proposta, Informe do Arquitecto Municipal, dictame da Comisión de Urbanismo e acordo plenario autorizando a variación.

As variacións de detalle no proxecto poderán ser autorizadas polo Arquitecto Municipal, ben á súa iniciativa ben a proposta do director técnico da obra, sempre que redunde nunha mellora da obra, se axusten ás prescricións técnicas directoras do proxecto aprobado e non supoñan dificultades engadidas para a posterior explotación da obra e xestión do servizo; a inspección técnica deberá comunicar a Administración Municipal tódalas variacións de detalle autorizadas.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Unha vez acabadas a obras, procederase ó levantamento dun acta de comprobación por parte do Concello, nos termos do artigo 218 da LCSP, establecéndose conxuntamente polo Concello e polo concesionario unha relación valorada descritiva da obra.

A inspección técnica comprobará con carácter previo se as obras se axustan ó proxecto autorizado, ordenando no seu caso, a emenda das deficiencias observadas.

A aprobación da acta de comprobación das obras polo órgano da Administración concedente levará implícita a autorización para a apertura das mesmas ó uso público.

Trala aprobación da acta de comprobación outorgarase escritura pública de obra nova da que o Concello será nudo propietario e o adxudicatario ostentará o dereito da súa explotación e xestión de servizo durante o período da concesión.

A aprobación da acta de comprobación levará implícita a autorización para a apertura das mesmas ó uso público, comezando a fase de explotación, previa declaración de alta do concesionario no Imposto Municipal sobre Actividades Económicas.

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 41 da Lei de contratos do sector público.

A Dirección de obra recaerá no equipo redactor do proxecto básico que serviu de base para esta contratación, Enrique Barreiro Arquitectos, e exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O Director das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.

O Delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada en obras de similar natureza ás que son obxecto de este contrato.

22.- OBRIGAS E DEREITOS DO CONCESIONARIO.

A) OBRIGAS DO CONCESIONARIO.

Serán obrigas básicas do concesionario, sen perxuízo das demais esixibles legal ou regulamentariamente, as seguintes:

- 1) Executar as obras do tanatorio, con estricte suxeición ó proxecto técnico aprobado pola Administración Municipal e introducindo as modificacións que acorde o órgano de contratación.
- 2) Obter todas as licenzas e autorizacións que resulten legalmente esixibles.
- 3) Asumir o financiamento da totalidade das obras.
- 4) Outorgar, unha vez finalizadas as obras e dentro do prazo de un mes, escritura pública de obra nova na que o Concello será nudo propietario do tanatorio construído e o adxudicatario ostentará o dereito da súa explotación para a xestión do

servicio durante o período da concesión. Todos os gastos de notaría e rexistro que resulten precisos corresponderán ó concesionario.

5) Explotar a obra construída poñendo en funcionamento o tanatorio no prazo dun mes contado a partir da formalización da escritura pública de obra nova.

6) Prestar o servizo de tanatorio público de forma ininterrumpida tódolos días do ano, sexan ou non festivos.

7) Garantir ós particulares o dereito á utilización do servizo público mediante o abono da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas e nas condicións establecidas no prego de prescricións técnicas e Regulamento do servizo.

8) Coidar do bo orden no funcionamento do tanatorio dictando as instrucións pertinentes, que non contradigan as dictadas pola Corporación ou as establecidas en normas de obrigado cumprimento.

9) Axustar en todo intre a prestación do servizo á lexislación vixente en materia laboral, de seguridade social, de integración social de minusválidos, de prevención de riscos laborais e demais leis especiais, e someterse ó cumprimento da normativa laboral respecto do persoal contratado para a explotación.

10) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a explotación do tanatorio e a xestión do servizo.

11) Manter en perfecto estado de conservación, hixiene e limpeza, a construción e as instalacións do tanatorio, efectuando as reparacións que fosen precisas garantindo, en todo momento, as adecuadas condicións hixiénico-sanitarias.

12) Manter, a súa costa, unha vixilancia permanente do tanatorio.

13) Por en coñecemento do Concello calquera anomalía producida na explotación do servizo.

14) Facilitar ó Concello cantos datos se lle requiran sobre a explotación e funcionamento do servizo.

15) Permitir o acceso do persoal municipal autorizado para vixilar e inspeccionar o servizo.

16) Non allear nin gravar ningún tipo de ben afecto á concesión dos que deban revertir ó Concello, agás autorización expresa do Pleno da Corporación.

17) Satisfacer os tributos que legal e regulamentariamente lle correspondan como concesionario.

18) Exercer por si a concesión e non cedela nin traspasala sen autorización expresa do Pleno da Corporación e nas condicións sinaladas no presente Prego.

19) Atender ó pago da enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida de lixo, depuración de augas residuais e cantos gastos orixine a explotación do servizo público durante todo o período da concesión.

20) Cumprir cantas obrigacións se deriven dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e demais normas de obrigado cumprimento.

21) Comunicar ó Concello as necesarias modificacións nas instalacións e servizo, debendo obter para a súa realización autorización previa do órgano de contratación.

22) Subscribir una póliza de seguros nos termos establecidos no prego de prescricións técnicas e mantela durante todo o período da concesión.

23) Respetar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade,

24) respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do

Comercio, nos contratos de suministro consecuencia do de xestión de servizos públicos.

25) Levar unha conta de explotación independente correspondente ó presente contrato. Anualmente será presentada conta de explotación e conta xeral debidamente auditadas, xunto co resumo do IVE do exercizo.

B) DEREITOS DO CONCESIONARIO.

O concesionario terá os seguintes dereitos:

1) Percibir as tarifas autorizadas para a explotación da concesión pola Administración Municipal, con arranxo ós pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares como elemento retributivo da concesión.

2) Ser respectado por terceiros na súa condición de contratista e concesionario, co apoio e a protección necesaria da Administración Municipal para que poida prestar o servizo concedido con normalidade e para que cesen as perturbacións que obstaculicen o seu desempeño.

3) Utilizar os bens de dominio público necesarios para a execución da obra concedida de acordo co programa de traballo presentado e aprobado.

4) Propoñer á Administración Municipal cantas modificacións estime indispensables para mellorar a explotación do servizo.

5) Dereito a ceder a concesión dacordo co previsto no presente prego e na LCSP.

6) Dereito ó mantemento do equilibrio económico-financeiro da concesión nos termos legalmente establecidos no art. 258.4 da LCSP.

23.- TARIFAS.

O concesionario será retribuído directamente mediante as tarifas que abonen os usuarios do servizo de conformidade ó establecido no presente prego, no seu ANEXO II.

As tarifas presentadas polo adxudicatario na súa oferta e aceptadas na adxudicación da concesión, así como as actualizadas que se aproben polo órgano de contratación, terán o carácter de máximas.

As tarifas ofertadas deberán acompañarse dun estudo económico no que figurarán os seus elementos conformadores de forma descomposta, os cales servirán de base a futuras revisións que terán que ser autorizadas polo órgano de contratación nos termos establecidos nos pregos.

O concesionario, previa petición e acordo do órgano de contratación, poderá actualizar o día 1 de xaneiro de cada ano as tarifas aplicando ó efecto o 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo do Estado Español (IPC) nos doce meses anteriores, publicado polo INE, de conformidade ó establecido no art. 78.3 da LCSP.

24.- RELACIÓNS DO CONCESIONARIO COS USUARIOS.

1) O concesionario deberá coidar as relacións cos usuarios do tanatorio facilitándolle a adecuada información.

2) O Concesionario levará un Libro de Reclamacións no que os usuarios poidan deixar as súas queixas, reclamacións e observacións.

3) Tanto o concesionario como os usuarios axustarán as súas relacións ás prescricións que se establezan no Regulamento da Xestión do Servizo, o cal se engade a estes pregos como ANEXO IV.

26.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro, previa autorización expresa do órgano de contratación, cando concorran as circunstancias sinaladas no artigo 209 da LCSP e nos seus termos.

Polo que respecta á subcontratación estarase ó disposto nos artigos 210 e 211 da LCSP.

27.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Transcurrido o prazo de duración previsto, se extinguirá a concesión do servizo de tanatorio obxecto do presente contrato.

Asemade se extinguirán a totalidade dos dereitos sobre as instalacións, incluídas as complementarias se en ese momento existesen, que deberán revertir ó Concello en perfecto estado de conservación.

Durante o último ano da concesión, poderá o Concello adoptar as disposicións precisas para que os bens revertan nas debidas condicións.

Igualmente quedarán extinguidos todos os contratos vencellados á concesión.

Tamén procederá a resolución do contrato de concesión nos seguintes supostos

- Alteración ó alza polo concesionario das tarifas aprobadas, sen autorización municipal.
- Dedicación das instalacións a usos distintos dos que son propios sen previa autorización municipal.
- Non atender coa debida dilixencia e cuidado a conservación das instalacións ou non cumprir as instrucións dictadas polo Concello.
- Cando concurra algunha das causas de resolución previstas nos arts. 206, 262 e 220 da LCSP.

28.- INCUMPRIMENTOS DO CONCESIONARIO.

1 - Fase de construción

1. 1. Considéranse como incumprimentos graves:

a) O incumprimento por causa imputable ó contratista dos prazos establecidos na súa proposición para o inicio das obras, calquera dos prazos parciais, o prazo de terminación das obras ou o prazo para a emisión da acta de comprobación

b) A interrupción inustificada da execución das obras sen previa autorización da Administración.

c) Non respectar os parámetros de calidade e seguridade establecidos no prego de prescricións técnicas.

d) A subcontratación da construción sen observar os requisitos de procedemento regulados no presente prego e na LCSP, así como a falta de aboamento da súa retribución ós subcontratistas nos termos regulados.

1.2. En caso de existencia de calquera incumprimento previsto no apartado precedente, a Administración poderá impoñer ó contratista as seguintes penalizacións:

a) No suposto de incumprimento do prazo total previsto para a realización da obra, as penalizacións previstas no artigo 196 da LCSP.

b) En calquera outro suposto, unha penalización por importe de ata o 10 por cento do presuposto total da obra deixada de executar durante a fase de construción que resulte da Proposición do Contratista.

2.- Fase de prestación do servizo ou fase de explotación

2.1. Consideraranse como incumprimentos graves:

a) A negligencia no cumprimento das obrigas de uso, policía e conservación, reparación, adaptación e mellora do servizo público e das instalacións nos termos previstos no presente prego.

b) A interrupción inustificada total ou parcial da prestación do servizo.

c) A falta de adopción de medidas de seguridade que provoquen alteracións na prestación do servizo.

d) Calquera incumprimento da obriga de admitir a utilización do servizo por todo usuario, nas condicións que fosen establecidas de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación, mediante o abonamento, no seu caso, da correspondente tarifa.

e) A diminución por calquera vía da solvencia do contratista en perxuízo da continuidade do servizo público.

f) O incumprimento das obrigas contables.

g) Non acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, sociais e coa Seguridade Social;

h) O descoido notable na conservación e mantemento das instalacións adscritas o servizo.

i) Ceder ou traspasar a explotación do servizo, obxecto da concesión, baixo calquera modalidade sen autorización expresa da Administración Municipal.

j) Incumprimento da normativa laboral de obrigado cumprimento en aspectos esenciais.

k) A esixencia de prestación económicas ós usuarios superiores ás establecidas nas tarifas autorizadas.

l) O incumprimento da normativa sobre seguridade e saúde no traballo

m) A falta de adopción das medidas necesarias para protexer o medio ambiente ou para manter a seguridade e limpeza nas instalacións;

n) Calquera falta de atención ás instrucións recibidas da Administración Municipal dentro do ámbito da súa competencia;

ñ) A falta de contratación dos seguros previstos nos pregos, ou atoparse en situación de impago das primas debidas por eles.

o) Non levar os adecuados controis de ingresos e gastos da actividade para que a Administración poida coñecer o estado financeiro do concesionario en calquera momento do período de explotación.

p) A obstrución das tarefas de control do Concello, así como a falta de atención ás instrucións que reciba do mesmo dentro do ámbito das súas competencias.

r) Non dispoñer de follas de reclamacións ó seren solicitadas polos usuarios.

s) A reiteración de faltas leves dentro dun período de tres meses.

No caso de existencia de calquera incumprimento previsto no apartado precedente, a Administración, previo trámite de audiencia ó concesionario poderá impoñer ó contratista penalizacións co límite máximo de que as penalidades anuais non poderán exceder do 20 por cento dos ingresos obtidos pola prestación do servizo obxecto de incumprimento durante o ano anterior.

3.- Consideraranse como faltas leves o incumprimento de calquera das obrigas do contratista que non estean definidas expresamente como infracción grave, as que non afecten directamente á prestación do servizo nin a seguridade das persoas e en concreto as seguintes:

- a) Falta de limpeza das instalacións do tanatorio.
- b) Incumprimento das ordes e instrucións dictadas polos Servizos Técnicos do Concello.
- c) Non exhibir o modelo de cartel anunciando a existencia de follas de reclamacións.
- d) Non facilitar a correspondente folla de reclamacións ó usuario que a solicite.
- e) Non dar factura no momento, ó ser solicitada polo usuario.
- f) Non comunicar ó concello calquera incidencia ou anomalía producida no desenvolvemento do servizo.
- g) As que impliquen irregularidades na observancia das obrigas e deberes contidos no prego sen transcendencia económica e funcional apreciable para a xestión do servizo.
- h) A simple negligencia no mantemento, funcionamento e control das instalacións adscritas ó servizo.
- i) As que non poidan calificarse como infraccións graves tendo en conta a falta de intencionalidade e a reparación dos danos causados.

3.2. O importe das penalizacións pola comisión de faltas leves poderá acadar a contía de 300 euros en función das circunstancias concurrentes.

29.- SECUESTRO E RESCATE DA CONCESIÓN

O órgano de contratación poderá acordar o secuestro da concesión nos casos en que o concesionario non poida facer fronte, temporalmente e con grave dano social, á explotación do servizo por causas alleas ó mesmo ou incurrise nun incumprimento grave das súas obrigas que puxera en perigo a explotación,

O acordo do órgano de contratación será notificado ó concesionario e se éste, dentro do prazo que se fixase, non correxira a deficiencia se executará o secuestro.

O secuestro terá carácter temporal e non poderá superar un período de seis meses, con posibles prórrogas ata un máximo de 2 anos, tal e como se determina no art. 135 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, podendo levantarse esta medida cando a empresa concesionaria xustifique e garanta a satisfacción da Administración Municipal, que pode proseguir a normal explotación do tanatorio e a xestión do servizo.

A Administración Municipal poderá rescatar a concesión da explotación do servizo, por causas xustificadas de interese público con indemnización ó contratista dos danos e perxuízos causados, que serán determinados contradictoriamente.

30.- REVERSIÓN DAS OBRAS

Ó finalizar o prazo da concesión revertirá ó concello a concesión administrativa, así como a totalidade das obras e instalacións, que se entregarán en perfecto estado de conservación e libres de cargas ou gravámes. Igualmente se producirá a reversión nos supostos de resolución do contrato.

Durante o último ano da concesión actuará como órgano municipal de control unha comisión técnica designada pola Alcaldía que exercerá as tarefas propias de inspección, control e seguimento da explotación e xestión do servizo para garantir a continuidade do mesmo en adecuadas condicións e a conservación e mantemento das instalacións.

ANEXO I
MODELO DE PROPOSICIÓN

D./Dna. _____, con D.N.I. _____, en representación da empresa _____/en nome propio, enterado do anuncio publicado no Boletín núm. _____, con data do _____, polo que o Concello de Bueu convoca procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración para a adxudicación do " CONTRATO de CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA DO TANATORIO DE BUEU A UBICAR NO PARQUE EMPRESARIAL DE CASTIÑEIRAS ", solicito ser admitido á licitación convocada mediante procedemento aberto, formulando ó efecto a seguinte oferta:

1) Comprométome, de resultar adxudicatario, á execución das obras descritas no Proxecto nas condicións que contén a oferta técnica da empresa que represento, con estricte suxeición ós Pregos de Prescricións Técnicas e de Cláusulas Administrativas Particulares aprobados polo Concello.

2) As obras do proxecto de execución, que se redacte para o desenvolvemento do proxecto básico, realizaranse no prazo máximo de _____meses.

3) As tarifas a satisfacer polos usuarios serán, seguindo o modelo Anexo II:

4) O prazo de garantía ofertado é:

Declaro coñecer o contido dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, e os acepto na súa integridade, así como o proxecto básico de construción e demais documentos do expediente, e en proba de conformidade firmo a presente proposición, en _____a __ de _____do 2010.

ANEXO II. TARIFAS

Redución dos importes das tarifas fixados, partindo do estudo de viabilidade, ata un máximo de 20 puntos. Neste sentido establececese como importes a cobrar aos usuarios como máximo (no servizo mínimo ao que eles se obrigan no caso de resultar adxudicatarios) os seguintes:

MODALIDADE 1.

Aluguer das salas, cunha tarifa por 24 horas e sala arrendada: MÁXIMO: 550

MODALIDADE 2.

Servicio funerario completo:

-Elementos mínimos:	MÁXIMO
1. Xestión administrativa	200
2. Arca fúnebre	1.500
3. Sudario	75
4. Tanatopraxia	210
5. Coche funebre	350
6. Tanatorio	900

ELEMENTOS ADICIONAIS:	MÁXIMO
1. Cámara frigorífica	50
2. Esquelas	600
3. Prego de sinaturas.	100
4. Transporte (acompañamiento)	150

(*) Os licitadores deberán de presentar unha lista de prezos que aplicarán nos servizos de floristería e cafetería.

(**) No caso de que os licitadores teñan produtos ou servizos de superior calidade deberán presentar acompañando a súa oferta, de maneira desglosada, listado prezos superiores para ditos servizos, que aínda que non sexan valorados na oferta, sí vincularán ao licitador no caso de resultar adxudicatario, sendo aprobados como Anexo ás tarifas polo Concello de Bueu.

ANEXO III
DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./DNA.....maior de idade, con enderezo en., con DNI actuando en nome propio/en representación deno procedemento de licitación para a adxudicación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración do "Contrato de xestión do servizo público de tanatorio a ubicar no Parque Empresarial de Castiñeiras mediante concesión e con execución de obras",

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE non atoparse comprendido él/ou a empresa e os seus administradores e órganos de dirección) en ningún dos supostos de incapacidade ou prohibición para contratar previstos no Art. 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como estar ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, comprometéndose en caso de resultar proposto adxudicatario do contrato, a presentar as xustificacións acreditativas de tales requisitos no prazo legalmente establecido.

Asemade declara baixo a súa responsabilidade non ter pendente de pago (él ou a persoa xurídica que representa) ningunha débeda en periodo executivo co Concello de Bueu.

Lugar, data e firma do proponente.

Nome e apelidos da persoa que asina.

ANEXO IV.
PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TECNICAS

ANEXO V.
REGULAMENTO DO SERVICIO DE TANATORIO MUNICIPAL DE BUEU.